



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. "A CRISTINA"
Rúa Blanco Amor, s/n – Teléfono 981.702.356-981.758.260(Fax)
15.100.Carballo
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipa.cristina/>
correo e-: ceip.a.cristina@edu.xunta.es



AXUDAS ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2017-2018

-Lexislación aplicable: Orde 16 de maio de 2017 pola que se regula as axudas para a adquisición de material escolar.

DATA LÍMITE - (23 DE XUÑO DE 2017)

LUGAR DE PRESENTACIÓN – SECRETARÍA do centro, entregárase o ANEXO I, debidamente cumprimentado e asinado.

Presentarase unha única solicitude por cada alumno ou alumna. No caso de que un solicitante teña varios fillos/as matriculados deberá presentar unha solicitude para cada un deles. **As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.**

REQUISITOS

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, durante o curso escolar 2017/2018.
2. Ter unha renda per cápita familiar **igual ou inferior a 5.400 euros.**
3. **Devolución dos libros de texto pertencentes ao fondo solidarios ata o 16 de xuño de 2017 (ALUMNADO QUE ESTEA A CURSAR 4º EP ESTE ANO).**
4. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Todas as solicitudes deberán ir acompañadas pola documentación preceptiva **ORIXINAIS E COPIAS**, ou de ser o caso, deberá autorizarse a consulta dos datos de identidade e tributarios.

- **Impreso de solicitude (anexo I) e fotocopia da primeira folla.**
- **Libro de familia e fotocopia de todas as follas cubertas.**
- Fotocopia do DNI ou NIE (só no caso de non autorizar a súa consulta).
- No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.
- Certificado de convivencia ou Padrón só no caso de que non exista vínculo matrimonial.
- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2015 e fotocopia cando non autoricen a consulta telemática.

No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2015, non coincide coa reflectida no libro, agás no relativo a violencia de xénero, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2015:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Os membros que integran a unidade familiar e a data de referencia para determinar a súa composición é o 31.12.2015. Nesta convocatoria non se fai un tratamento diferenciado da familia monoparental e resto das familias.

RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para os cálculos da **renda familiar** terase en conta o **exercicio fiscal do 2015**, sumaranse a base impositiva xeral (recadro 380) e a base impositiva de aforro (recadro 395) e dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios falcitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Dende o 23 de maio de 2017 ata o 23 de xuño de 2017 ambos incluídos.

O Equipo Directivo

